

Num. 267



Outubro 2008

Periódico labrego de información
técnica e sindical

Número de rexistro: 980635

Asamblea nacional do leite: acordamos seguir loitando



O pasado nove de outubro o Sindicato Labrego Galego convocou ás gandeiras e gandeiros do País a unha asamblea aberta do sector lácteo. Neste encontro eleixíronse, consensuadamente, as vindeiras

estratexias a realizar no sector de cara a garantir a nosa supervivencia. Acordamos solicitar a convocatoria da Mesa do Leite coa presenza da Consellaría do Medio Rural, as industrias, as cooperativas e TODAS as organizacións

agrarias, incluído o SLG malia non ter asinado o contrato homologado sen prezo base. Demos quince días de prazo á administración para facer efectiva dita convocatoria. De non ser así, tomaremos medidas contundentes. **Páx. 2**



T Á B O A

O prezo do leite francés non é válido para Galiza

Adolfo Cabarcos, Secretario de Sectores gandeiros do SLG, analiza a proposta de prezo da Comisión e os últimos acontecementos na loita por un prezo xusto para o leite. **Páx.2**

Pechar escolas no rural é deixarnos sen futuro

Isabel Vilalba, Responsábel da Secretaría da Muller do SLG, trasladou á ministra de Igualdade a grave situación das familias afectadas pola supresión da E.S.O. en Abadín. **Páx3**

Reclamamos a compensación das perdas pola fauna salvaxe

Tras non obter resposta á solicitude de entrevista co conselleiro de Medio Ambiente para abordar esta problemática, iniciamos unha campaña de envío masivo de postais. **Páx.7**

Contratos homologados: viño, castaña, pataca.

O SLG non asinou os contratos homologados para a castaña e a pataca porque non satisfacen as necesidades do sector. No caso do viño, destacan as desigualdades. **Páxs.6,10,11**

Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Vera-Cruz Montoto Vázquez
Colaboracións: Sandra
Varela, Carme Freire, Lidia
Senra, Manuel Docampo,
Isabel Vilalba, Xosé Pérez Rei
e Charo Sánchez Parga.

Deseño e maquetación:
Xosé García e Vera Montoto

Sede da redacción:

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tif: 981 580449
Fax: 981 572570

www.sindicatolabrego.com

Depósito Legal: C-749/88



sindicato
labrego galego
comisións labregas

LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
R/ Touro nº 21, 1º. Tif. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - R/ Padre Pardo nº24, 1º D
Tifno. 981 508 177
MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns
CARBALLO - Río Sil nº 52. Baixo. 981
703169
SANTA COMBA - R/ Lugo, nº9, entr. esq.
Tif/Fax. 981 880909
ORDES - R/ Nova nº 38, 1º, 15680.
Tif. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS - Praza da Constitución nº 4,
1º. Tif. 981 773377
TEIXEIRO - R/ Martínez Pardo nº13, 1º
esq / Tifno. 981 789 781
SAN SADURNINO - Lugar de Outeiro s/n
981 490430
AS PONTES - R/ Balsa nº 28
O BARCO - Casa sindical
Tif. 988 321511 / Fax: 988326723
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
Tif. 630 970 131
O CARBALLIÑO, Casa sindical
Tif. 630 970 131
VERÍN - Travesía de Sousas nº 20,
Galerías Maga Tif. 988 590438; Fax 988
590439
RIBADAVIA - CIG Casa Sindical.
Tif. 988 477230
Fax. 988477230
XINZO - Casa Sindical Tif. 988 462547
TRIVES - CIG Casa Sindical
Teléfono 699 924 634
VIANA DO BOLO Antigo centro de saúde.
Tifno. 629 621 047
LUGO - R/ Miguel de Cervantes nº47, entr.
Tif. 982 231154
MONFORTE - Local da CIG en AISS. Tif.
982 403005
SARRIA - Rúa Nova 60, entrechán.
982 533672
CHANTADA - Praza do Concello, baixos
AISS Tif/Fax: 982 462103
A FONSAGRADA R/Fonte, nº3, baixo. Tif.
982 350 080
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO - Av. de Galiza nº20, 3º. AISS
Tif/Fax. 982 130615
LOURENZÁ - Av. da Mariña nº11, 1º. Tif.
982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tif.982 512431
MEIRA - R/ Xeneralísimo 47-49. Edif. Miño
Entrechán E. Tif/Fax: 986792268.
A ESTRADA - R/ Capitán Bernal nº10, 1º
Tif/Fax 986 573232
LALÍN - Arenal nº1, 1º andar. Tif. 986 792
268
SILLEDA - Av. do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
PONTEAREAS - R/ Dos Amieiros,portal
1ªA, 1ºC. 986 841508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - R/ Ramón Franco, Edif.
Rosales. Tif. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tif. 986 711825

Asamblea Nacional Aberta do Sector Lácteo, Reclamamos: Convocatoria urxente da Mesa do Leite



Dende a esquerda: A asamblea celebrada en Santiago de Compostela o nove de outubro foi introducida por Xosé Ramón Cendán -Membro do SLG na Coordinadora Europea-Vía Campesina-, Lupe Prado -Responsábel do Sector Lácteo no SLG-, e Carme Freire Cruces -Secretaria Xeral do SLG-. Xosé Manuel Calvo, Secretario de Ordenación Territorial e Estructuras, moderou o debate.

Acordos tomados na Asamblea Nacional do Sector Lácteo



■ 1.Solicitud urxente da convocatoria da Mesa do Leite.

Na Mesa haberán de estar presentes todas as organizacións sindicais agrarias e todas as industrias do sector, co obxectivo de discutir e negociar as garantías dun prezo que asegure ás explotacións poder cubrir os custes de produción e a remuneración do seu traballo.

Non é lexítimo que estas negociacións se estean a levar a cabo nunha Comisión de Seguimento na que só participan aquelas organizacións e industrias que asinaron o Contrato Homologado galego sen prezo base mínimo.

Non aceptamos que se expulse a unha parte importante do sector, representada polo Sindicato Labrego Galego, por non estarmos dacordo coa imposición dun contrato que non garante un prezo para que as explotacións poidan vivir.

■ 2.Inicio dunha campaña para que o prezo acordado se axuste á realidade económica das explotacións do País, cubrindo os custes das mesmas e o traballo.

Rexeitamos tanto os 0,32-0,38€ citados no preacordo para o presente trimestre, coma prezos de referencia doutros países como Francia, no que se manexan uns custos de produción moito máis baixos por non teren que estar pagando préstamos para a adquisición de cota -aos que foron obrigadas as explotacións galegas no seu día-, nin custos de alimentación tan altos coma os das nosas explotacións, por non dispoñermos na Galiza de

terra agraria suficiente para alimentar ó nosos gando.

■ 3.Esiximos o recoñecemento normativo do leite coma produto de primeira necesidade para a sociedade, fixándose un prezo mínimo para dito produto, única garantía de cumprimento dos acordos sobor dos prezos.

■ 4.Mobilizacións a nivel estatal para paralizar a chantaxe que o MAMRM vén de poñer en práctica mediante a publicación do Real Decreto 1612/2008 do 3 de outubro sobre a aplicación dos pagos directos á agricultura e á gandaría, publicado no BOE do catro de outubro, mediante o cal obriga ás explotacións a ter asinado o Contrato Homologado do Leite para poderen percibir unha parte da subvención de pago único, evidenciándose novamente o deseño dunhas leis que nos poñen á mercede do que as industrias queiran pagar polo noso traballo.

■ 5.Convocamos ás demais organizacións agrarias para unitariamente defender estes acordos.

Esta publicación está cofinanciada pola



“A nós o prezo francés non nos vale”

Nin sequera é valido en Francia, onde as explotacións tamén están pechando

O nove de outubro, namentras o Sindicato Labrego convocou unha assemblea aberta ao sector lácteo para decidir as estratexias a seguir para garantir a nosa supervivencia, a

Administración convocou a Comisión de Seguimento do Leite, coa intención de favorecer a implantación do contrato homologado sen prezo base mínimo. Nesta Comisión acordouse

aplicar á produción da Galiza os prezos de Francia. Analizamos con Adolfo Cabarcos, Secretario de Sectores Gandeiros, os últimos acontecementos na loita polo control do leite.

■ Ao SLG non se lle permite participar nas comisións de seguimento por non ter asinado o contrato homologado sen prezo base. Que se falou na última á que tivemos acceso, no mes de abril?

Os sindicatos que logo asinaron o contrato homologado, contradixeron o seu posicionamento inicial.

Daquela, en plenas mobilizacións conxuntas dos sectores gandeiros, Río garantiu, verbalmente, que os/as seus/súas clientes non ían cobrar menos do prezo base de referencia do Observatorio Lácteo de Galiza do 2007, 0.3653€, ao que se lle sumaría un 10%, acadando un total de 0.40€ aproximadamente.

Mais ningunha das tres organizacións agrarias maioritarias estivemos dacordo, xa que antes da realización de devandita comisión acordáramos non aceptar menos do 0.42 a 0.45 de prezo base mínimo, ao que habería que sumarlle as calidades.

Sen embargo, como puidemos ver todos e todas, en maio os outros dous sindicatos asinaron un contrato que nestes momentos pretende condearnos aos 0.32-0.38€.

■ Na derradeira comisión de seguimento celebrada o nove de outubro, á que ao SLG non se lle permitiu participar, deuse a coñecer a decisión de aplicar o prezo francés para o leite galego. Ten sentido extrapolar a realidade francesa á galega?

A nós o prezo galo non nos vale, porque estruturalmente Francia ten un modelo moi diferente ao noso: producen en base á terra, sen problemas de extensificación, con pouca carga gandeira, co que os custos de produción son máis baixos por animal, uns 10 céntimos menos, o cal permíttelles vender máis barato.

E inda sí, non lles é rentábel nin o seu propio modelo, xa que tamén están pechando explotacións en Francia.

Os modelos da Galiza

foron impostos polos gobernos, anteriores e actuais, promoveron un sistema de produción intensiva.

Isto requiriu de fortes inversións pola nosa banda, e agora, co prezo actual do leite, é imposible amortizar nada.

Falamos de obras, maquinaria e cota láctea, que se cadra é dos casos máis indignantes, xa que desaparecerán na súa totalidade para o 2015 e moita xente inda non as terá nin pagadas.

■ Na derradeira semana de setembro, perante das ameazas de non recollida sufridas por decenas de explotacións, interceptouse un camión de leite procedente de Portugal. Que mensaxe se pretendía transmitir con esta actuación?

O Estado non acadou a cubrir as 6.043t. de cota que tiña asignadas para a campaña 2007-2008. Somentes aportou 5.923t.

Porén, importacións hainas sempre. Mais nestes momentos estamos perante dun incremento masivo das mesmas cun claro obxectivo empresarial.

Por unha banda, as industrias lácteas temeron que, como aconteceu non verano do 2007, o aumento da demanda nestes meses clave facilitarían un ascenso do prezo a pagar ao sector produtor.

Por outra, pendentes da posta en marcha dos contratos homologados aprobados o pasado vintedous de maio, mediante o aumento das importacións as industrias lácteas provocaron unha caída de prezos, sen precedentes nos meses estivais.

Se os contratos botan a andar nun momento en que o leite está baixo de prezo, éste será o que se fixe para toda a campaña.

■ O catro de outubro publicouse un Real Decreto no que se especificaba a vinculación dos pagamentos adicionais da prima láctea á firma do Contrato

Homologado. Cal é o posicionamento do SLG perante desta regulación do Estado español?

Novamente fanse visíbeis iniciativas dos Gobernos pensadas para as empresas e non para nós.

Como a miúdo acontece con outras axudas supostamente destinadas aos labregos e labregas, os realmente beneficiados son outros sectores profesionais.

Para cobrar os pagamentos adicionais da prima láctea quérrennos poñer na situación de ter que aceptar calquera prezo que se nos marque nun contrato homologado para o leite.

É posíbel que as industrias tenten chantaxearnos con este condicionante, mais non o imos consentir.

■ Aveciñanse novas mobilizacións. Cal é o noso obxectivo?

Loitamos por acadar unha relación digna e en igualdade entre produtores/as e empresas. E iso pasa ineludiblemente pola actuación política, xa que é o seu deber elaborar leis que regulen esta relación.

Os gobernos haberían de se sensibilizar co sector e ter máis amplitude de miras.

Se desaparecen as explotacións deste país, non só desaparecerán os posos de traballo directos, senón tamén indirectos, xa que nunca tan poucas explotacións houbo no País nin tanta xente vivindo indirectamente delas.

Ademais, se é dos cartos dos que se preocupan, haberían de decatarse de que é moito máis barto apoiar ao sector para manter un medio rural vivo, co medio ambiente cuidado, que logo en épocas adversas, con lumes, etc., atallar o problemas gastando en motobombas, carroquetas, helicópteros...

Esiximos unha política responsábel, e no noso caso iso significa apostar por estimular ás persoas que viven no rural, manter e ampliar os servizos: escolas, transporte... Para que



Adolfo Cabarcos Saavedra foi elixido Secretario de Sectores Gandeiros tras o Congreso Nacional do SLG que tivo lugar en novembro do 2007.

Leva unha explotación de vacún de carne en extensivo de raza autóctona rubia galega dende fai vinte anos. No 2003 gañou o Primeiro Premio de Explotacións Pecuarias na modalidade “Agricultores Sobresalientes” da Feira Internacional de Silleda.

No 2006 constituíu unha S.C. co seu fillo maior; a pequena inda está na escola.

Da súa época de estudante na antiga Universidade Laboral Cruceiro Baleares, Adolfo Cabarcos ten unha lembranza especial para aquela noite na que uns sesenta alumnos e alumnas pecháronse na capela deste centro educativo en apoio aos labregos e labregas que loitaban n’As Encrobas. Á mañá seguinte un deses alumnos, Emilio, faleceu ao tentar pendurar unha pancarta que reivindicaba “A terra é nosa, non de Fenosa”.

teñamos unha boa calidade de vida que nos permita ficar e coidar o medio no que vivimos.

Por iso quero dar ánimo ao sector, nesta organización

estamos orgullosos e orgullosos de ser labregos e labregas, e a seguridade de merecelo danos forzas para seguir loitando por mellorar as cousas.

Editorial

Capacidade de sorpresa

Xa non nos sorprende que un máximo directivo dunha industria láctea, de capital galego, declare aos medios tres días despois de asinarse os seica "acordos" de prezos do contrato homologado do leite: "*Poida que non sexa o prezo que eles (os gandeiros/as) quixesen cobrar, pero polo menos saberán canto van percibir...*"

E continúa con respecto ao prezo de referencia francés, acordado para aplicar ao noso leite no primeiro trimestre do 2009: "*(...)é unha medida de referencia de gran volume, que condiciona os prezos no mercado, pero en determinados momentos tere-mos que modular algunhas bai-xadas**" Incrível!!! Os mesmos asinantes do acordo xa anuncian que éste é papel mollado. Outra vez!!!

Sorprendentemente, aín-

da nos sorprende (!!!), que quen di estar mediando entre ambas partes de contrato, a Consellaría do Medio Rural, non saia ao paso nin diga nada ao respecto da anunciada, a bombo e platillo outra vez, "estabilidade" do sector.

Siguen insistindo en continuar "negociando" (???) na comisión de seguimento dun **contrato homologado que, polo que se constata das palabras deste directivo, seguen ter nin prezo nin garantía para unha das partes: a de sempre.**

Algúns que sí están negociando, din que *é o menor dos males posíbeis*, que *por favor* nos leven o leite; aínda que polo que se ve, o que lles preocupa non é que o vendamos a perdas... Non... **o caso é sacalo das explotacións e que non se tire o leite nin se mova ninguén!** **TODO BEN!**

Algunhas e algúns non acabamos de saír do pasmo.

¿Será por iso que non queren convocar a mesa do leite? A pregunta lóxica é: para que queremos dita mesa, que no seu día presentouse coma mecanismo estábel de negociación do sector?

Será o mesmo mecanismo que pensan aplicar a outros sectores?: Pataca, castaña...

A práctica de negociación que se está a consolidar é: quen non veña a dicir "amén" aos acordos, que non veña (!!!). E se fai falta disolver as mesas, tamén as disolvemos: pola vía de non convocalas (!!!).

E, á xente común, quedaranos moita máis capacidade de sorpresa?

*Boletín "Galicia Rural" da Axencia Galega de Noticias (AGN), nº112. Nova datada o 11/10/08. Pódese atopar en: http://www.axencia.com/pub/m_72325.htm ou consultar nos locais do SLG.

Levamos a supresión de servizos no rural até Madrid

Isabel Vilalba trasladou as demandas das nais e pais de alumn@s de Abadín

Nestas semanas as cativas e cativos da Galiza voltaron á escola. A clase política fartouse de abrir de novo o curso e mesmo de inaugurar novos centros.

Mais este curso vai ser máis difícil para moitos pais, nais, alumnas e alumnos.

Eliminar servizos no medio rural acelera o seu despoboamento e empeora á calidade de vida dos/as seus/súas habitantes. Cando estes servizos son centros educativos, a situación é especialmente grave.

No trasfondo destas decisións atópanse visións políticas ignorantes, que só son capaces de identificar o agro como un lugar para o turismo rural, sen respectar a quenes queremos *habitar* nel.

O Sindicato Labrego Galego levou o problema da supresión do primeiro ciclo da E.S.O en Abadín (Terra Chá), así como a eliminación de centros educativos e outros servizos no medio rural, diante do Ministerio de Igualdade.

A responsábel da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba, no marco dunha entrevista coa ministra de Igualdade en Madrid no mes de setembro, reivindicou o mantemento de centros educativos e mesmo a creación de novos servizos como unha medida fundamental para frear o despoboamento que está a padecer o noso medio rural.

Con esta reivindicación o Sindicato Labrego esixiu responsabilidades ao Goberno estatal, instándoo a cumprir os principios recollidos na "Ley de desarrollo rural sostenible", aprobada por este mesmo goberno.

Desigualdade de oportunidades

Hai unha evidente desigualdade de oportunidades para os nenos e nenas que teñen que pasar no transporte máis dunha hora antes de chegar ao centro educativo e outro tanto ao final da xornada escolar, tal e como sería o caso dos alumnos e alum-



As nais e pais de Abadín levaban meses mobilizándose polo mantemento da E.S.O. En abril deste ano a directora do I.E.S. "Aquilino Iglesia Alvariño" tentou axilizar o desprazamento do alumnado enviándolles á casa os impresos de traslado. Mais estas familias teñen moi claro onde queren que vivan e se eduquen os seus fillos e fillas. A forza da súa loita é un exemplo para tod@s as nais e pais do País.

nas de Abadín.

A solución presentada pola Delegación de Educación de Lugo a unha nai de Abadín que ten un fillo coa Síndrome de Down, propoñendolle que interne ao seu fillo na capital, separandoo da familia, parécenos que é totalmente contraria ás opinións de moitos especialistas, que consideran que a convivencia no entorno familiar é fundamental a estas idades.

A decisión de Educación é aínda máis incomprendible polo importante número de nenos e nenas que hai no centro educativo de Abadín, que evidentemente non pode compararse coas ratios de alumnado dunha cidade.

Este tipo de centros máis pequenos, e o mantemento dos nenos e nenas próximos ás súas familias nas primeiras etapas, caracterízanse por unha total ausencia de calquera tipo de conflictividade escolar e teñen numerosos aspectos positivos, sinalados en diferentes traballos pedagóxicos.

Por outra banda, nos últimos tempos, hai o acor-

do de que o apoio ás familias, e nomeadamente á igualdade de oportunidades das mulleres, -que son as que de xeito máis frecuente se ocupan de facer os seguimentos da preparación académica dos nenos e nenas, así como de ir buscalos e levalos ás actividades do centro-, pasa indiscutiblemente por crear novos servizos, e non por suprimir os poucos existentes.

Temos que concluir que se o goberno actual, tal e como di, aposta pola igualdade de oportunidades das persoas independentemente de onde vivan, aposta polo apoio á participación social e laboral das mulleres e tamén polo mantemento dun medio rural vivo, ten que reconducir a decisión de pechar o ciclo da E.S.O. de Abadín.

Dende o Sindicato Labrego Galego esiximos compromiso político no mantemento e creación de novos servizos para un medio que está a sufrir un envellecemento moi importante e no que é fundamental que se asenten persoas novas.

N' A Terra Chá a Comisión contra as minas solicita a implicación dos concellos afectados

A Comisión de Asociacións contra as Minas de cuarzo n' A Terra Chá intensifica a súa loita solicitando a implicación dos concellos afectados.

O pasado 12 de setembro a Comisión enviou un escrito a todos os concellos afectados pola concesión mineira de Erimsa (Abadín, Castro de Rei, Cospeito, A Pastoriza, Riotorto, e Vilalba), co obxecto de que adopten os seguintes acordos:

■ Que si por parte de Erimsa se inicia ou pretende facer unha demostración do sistema de explotación, se lles sexa esixido o cumprimento escrupuloso da legalidade urbanística. De non ser así, esiximos que se proceda a paralizar a demostración.

■ Solicitar do Sevizo de Urbanismo da Delegación Provincial da

Consellería de Política Territorial e Transportes o informe sobre as afectacións existentes na totalidade das concesións.

■ Instar á Consellería de Innovación e Industria a realizar unha nova declaración de impacto ambiental (DIA), na que se avalíen tódolos impactos e demais afectacións que non se tiveron en conta na declaración que serviu de base para a aprobación da referida concesión, feito recoñecido en varios informes polo órgano ambiental competente.

■ Que se solicite igualmente un informe ao Instituto de Biodiversidade Agraria E Desenrolo Rural (IBADER), no que se recollan as afectacións e impactos que a xuízo de dita institución científica pode producir a actividade mineira que nos ocupa.



Entrega do documento no concello de Cospeito.

Xornadas de enxerto en Lourenzá

Recuperando unha parte do patrimonio colectivo da veciñanza



Non hai muito tempo, do Val de Lourenzá saían importantes cantidades de cereixas para os mercados das vilas próximas de Mondoñedo ou Foz, onde eran mui apreciadas.

Ían cargadas en cabaleirías ou mesmo en cestas que as mulleres levaban na cabeza.

Pasou o tempo e o cultivo das froiteiras decaeu. Foi polo cambio da estrutura da poboación, a especialización produtiva das explotacións agro-gandeiras e un demorado e agresivo proceso de concentración parcelaria que levou por diante un bon número de árbores.

Pese a todo, fica algunha persoa que, pola súa querenza ás árbores, conservaba con agarimo os últimos exemplares dalgunha das variedades que, noutro tempo, deron froita abondosa para o consumo familiar e

para a venda.

A Asociación Horta Labrega embarcou nun proxecto de identificación e catalogación das variedades, dalgunha das cais ficaba un só exemplar. Falouse cos veciños e veciñas até conseguir saber dun bon número delas: abelleira, agustina, terra do viño, a do crego...

O seguinte paso foi o de intentar evitar a desaparición definitiva destas variedades procedendo ao enxertado en novos patróns, para a súa posterior distribución entre todas aquelas persoas interesadas no seu cultivo e mantemento.

O obxectivo a medio prazo é conseguir que as cerdeiras volvan formar parte da paisaxe do Val de Lourenzá e que o seu cultivo sexa de novo unha actividade viábel, tanto económica como socialmente, para os labregos e labregas da zona.

■ *A Asociación Horta Labrega embarcou nun proxecto de identificación e catalogación de variedades arbóreas do Val de Lourenzá, dalgunha das cais ficaba un só exemplar. A veciñanza proporcionou grande variedade delas, coas que levamos a cabo as xornadas de enxertado.*



Para este traballo contamos con unha axuda da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), na liña de proxectos dinamizadores das áreas rurais.

Pero sobre todo, contamos coa complicidade e a colaboración desinteresada dos/as verdadeiros/as protagonistas desta historia, os/as que trouxeron até hoxe este capital: Pepe de Mel, Paca, Alberto de Cadete, José Antonio de Minguero e moitos outros.

E, especialmente, Herminio, que apoiou deste o inicio este proxecto, até o extremo de facilitar o uso das instalacións necesarias para levalo adiante.

Ordes despediu o verán coa celebración da VI Romería por un Mundo Rural Vivo



Con festa e xogos solicitamos a recuperación da Praza de Abastos de Ordes.

O domingo 31 de agosto, afiliadas/os e compañeiras/os do SLG na comarca de Ordes celebraron a sexta edición da romería reivindicativa "POR UN MUNDO RURAL VIVO".

Ademais de pasar un bo rato, dende a súa orixe esta xuntanza ten o obxectivo de facer visíbel unha reivindicación.

Na edición pasada, achegámonos a actual situación d'As Encrobas, contando con voceiros/as do colectivo "A Outra Cerceda", que deron conta das lamentábeis consecuencias que para a poboación e as terras desta zona tivo a imposición da central Lignitos de Meirama, S.A., lembrándonos da histórica loita labrega que tivo lugar a finais dos anos 70.

Nesta ocasión, ao fío do Mercado da Transparencia realizado polo SLG no mes de xullo, o obxectivo foi reivindicar o acondicionamento e posta en marcha da praza de abastos de Ordes, demandando un tipo de venda directa, tradicional no País, que favorece produtoras/es e consumidoras/es, achegando produtos de calidade, da nosa terra, e ceibes de abusivas marxes comerciais.

Na actualidade, malia a ser a única que existe na comarca, a praza de abastos de Ordes está totalmente esquecida, cunha feira cada vez é máis pobre.

O apoio decidido a este tipo de mercados daría saída aos produtos caseiros, frescos e/ou transformados realizados polos produtores/as da zona, proporcionando unha alimentación de calidade e afondando no camiño cara a soberanía alimentar do noso País.

O SLG non avala un contrato homologado sen prezo mínimo para a pataca

UUAA e XXAA asinaron o documento malia a non ofrecer garantías aos produtores/as

A demanda dun Contrato Homologado, no que se establece un prezo base mínimo que dea estabilidade ao sector produtor de patacas, é unha das reivindicacións históricas do Sindicato Labrego Galego.

Este sector atópase inmerso desde hai anos nunha dinámica de fortes oscilacións de prezos entre campañas, que perxudican tanto a produtores/as como a consumidores/as.

Nos derradeiros meses creouse unha mesa para buscar medidas de apoio ao sector, que pasan por mellorar o asesoramento técnico, os sistemas de produción, a xestión de residuos e buscar medidas que reduzan os altísimos custos de produción á vez que nos adaptamos ás necesidades do mercado.

Xunto cun Contrato Homologado, haberíase de crear unha Comisión de Seguimento na que a súa función sexa a de realizar un seguimento, vixianza e control do nomeado contrato.

Un contrato debe de satisfacer a ámbalas dúas partes, tanto ao comprador/a como para o vendedor/a.



Perante o anuncio da Consellaría do Medio Rural de firmar un Contrato Homologado para a Pataca d'A Limia sen a fixación dun prezo base mínimo, o Sindicato Labrego Galego convocou a medios de comunicación e produtores/as a unha asemblea informativa para dar conta dos motivos polos cales rexeitamos firmar devandito contrato. Finalmente a Consellaría non se atreveu a firmar en Xinzo, onde agardaban as produtoras/es, senón que se refuxiaron na Delegación da Consellaría do Medio Rural en Ourense.

Ao comprador/a garantíndolle unha cantidade e unha calidade de produto e ao vendedor/a garantíndolle unhas condicións de pago e un prezo mínimo.

Elaborar un Contrato Homologado sen establecer un prezo mínimo é o mesmo que proporcionar aos traballadores/as dunha empresa un convenio colectivo sen garantías dun salario mínimo.

Ao mesmo tempo déixase á parte compradora carta branca para negociar de forma individual marxes de beneficio, na procura do establecemento dun control ao produtor ou produtora que, en troques de axudalo/a a reducir custos de produción, exprimirá aínda máis as poucas marxes de beneficio que lle quedan a final de ano ao labrego ou labrega.

Envío de postais para solicitar compensacións pola fauna salvaxe

O mantemento da fauna salvaxe debe recaer no conxunto da sociedade non só nas nosas explotacións

O Sindicato Labrego Galego presentou o pasado trinta de setembro, no Clube Internacional de Prensa (Santiago de Compostela), a campaña de envío masivo de postais á Consellaría do Medio Ambiente: "COMPENSACIÓN DE TODOS OS DANOS OCASIONADOS POLA FAUNA SALVAXE".

Como temos denunciado en repetidas ocasións ao longo deste ano*, ás graves dificultades presentes nas explotacións galegas por mor da suba dos custos de produción e a inestabilidade dos prezos dos nosos produtos, houbo que engadir as perdas causadas polos ataques da fauna salvaxe ás colleitas e ó noso gando.

Termos solicitado reiteradamente reunirmos coa Consellaría do Medio Ambiente para atopar unha compensación destas perdas económicas, e mesmo concentrámonos diante de devandita consellaría o pasado mes de agosto*, semella non ser dabondo para convencer á Administración galega da urxencia de tomar medidas paliativas para as explotacións.

Mediante o envío destas postais, afiliadas, afiliados e as persoas da sociedade en xeral que o desexen,



Carme Freire Cruces -Secretaría Xeral do SLG- e Charo Sánchez Parga -Secretaría de Medioambiente, Terra e Montes-.

poderán axudarnos a transmitir á Consellaría do Medio Ambiente que cómpre tomar medidas urxentes para compensar todos os danos colaterais ocasionados pola fauna salvaxe nas explotacións agrogandeiras: estrés, abortos, lucro cesante, veterinario/a, sementeiras, gasóleo, tempo de

reposición dos cultivos, materia prima para o autoconsumo da explotación...

A necesidade de conservación da fauna salvaxe ten que recaer no conxunto da sociedade galega e non só nas explotacións agrogandeiras, polo que habería de contar con partidas

orxamentarias propias. Neste senso, cómpre ampliar o termo "fauna salvaxe" e incluír outras especies que están a causar estragos (corzos, corvos, coellos...)

Ademais, nas zonas catalogadas como lobeiras, e onde se recollan datos continuados de perdas por xabaril ou outras especies, deberanse estipular primas anuais para as explotacións.

Tódalas explotacións afectadas deben ter dereito a cobrar e ser contempladas sen límite mínimo de animais na explotación.

Tense que desenvolver como prioritario a compatibilidade da fauna salvaxe e as explotacións agrogandeiras do noso País.

*Ver Fouce 266

COMPENSACIÓN DE TODOS OS DANOS OCASIONADOS POLA FAUNA SALVAXE



Malia ter sido anulado, dende o mes de agosto volta a ser obrigatorio o certificado veterinario para o gando

Co gallo dos primeiros casos da aparición da síndrome da Encefalopatía Esponxiforme, as institucións sanitarias puxeron en marcha un certificado veterinario que, canda a declaración xurada do produtor/a, presúmase asegurar ao consumidor/a as garantías sanitarias e alimentares precisas.

Este certificado eximía de toda responsabilidade aos veterinarios/as, trasladándolla por enteiro aos gandeiros/as.

En outubro do 2007 produciuse a anulación do Certificado Veterinario, ficando só a declaración xurada do gandeiro/a acompañado do documento de identificación do animal (D.I.B) como únicos requisitos para chegar ao matadoiro.

Esta supresión foi aplaudida e vendida coma un éxito polo presidente español, José Luís Rodríguez Zapatero, nun evento realizado por UUA en outubro do ano pasado, no que calificou o certificado coma "una carga inútil que nos ha puesto en una situación de desigualdad a la hora de exportar".

Perante da eliminación do certificado veterinario, o Consello Xeral de Colexios de Veterinarios de España presentou un recurso alegando que a carne non cumpría as garantías sanitarias precisas. Fai uns meses o Tribunal Xudicial dictou sentenza a favor do

Consello, polo que o Certificado Veterinario voltou a ser obrigatorio.

Dende o Sindicato Labrego Galego denunciámonos a ineficacia deste certificado, pois cunha ollada visual por parte do/a veterinario/a non cremos que se poida asegurar que o animal está enfermo ou tomando algún tipo de tratamento.

O que realmente garante a seguridade alimentaria son as análises post mortem dos canais de carne no propio matadoiro, realizados tamén por veterinarios/as.

Por outra banda, este certificado impón nas explotacións unha cada vez maior burocratización, ademais de afondar na privatización dos servizos conlevando un custo económico engadido (entre 10 e 20€ por animal) e merma do rendemento da súa xornada laboral, xa que han de estar pendentes da chegada do veterinario/a á explotación.

Agardamos que nesta ocasión a Administración actúe competentemente, e advertimos de que dende o SLG non permitiremos este novo abuso ós labregos e labregas, baseado ademais nunha falsa seguridade para ós consumidores/as.

Declaracións de José Luís Rodríguez Zapatero en: <http://www.cce.psdeg-psoe.org/noticia.php?idnoticia=120>.

Língua Azul: o SLG esixe medidas de información e apoio para as explotacións

Diante da aparición de casos positivos da Língua Azul en Galiza dende o mes de setembro, o Sindicato Labrego Galego reivindicou a adopción urxente de medidas de apoio ás nosas explotacións.

É absolutamente imprescindible que se realicen charlas informativas por parte dos servizos veterinarios oficiais e se divulgue material informativo (prensa, tv, taboleiros de anuncios, etcv) en tódolos concellos.

Precisamos coñecer ben as medidas de prevención desta enfermidade (uso de repelentes, insecticidas, vermícidase...), así como dos síntomas da Língua Azul, dos procesos desta enfermidade e da situación das explotacións ao respecto da prohibición da mobilización de gando (números de días, procedemento...)

Por exemplo, a vacina contra o Serotipo 8, que están aplicando a nivel oficial,

está elaborada para que teña efectos sesenta días despois da segunda dose, polo que estas medidas preventivas poden ser fundamentais.

A Administración galega debe garantir que esta enfermidade non supoña o peche de ningunha explotación gandeira, e neste sentido debe pór en marcha, con carácter urxente, un sistema de axudas que compense as perdas por inmovilizacións ou pola aparición de baixas nos rabaños.

O Sindicato Labrego Galego solicita axudas directas para que as explotacións poidan repor os animais afectados e facer fronte ás perdas derivadas das inmovilizacións e limitacións temporais para vender, así coma que se garanta que a Língua Azul non supoña unha carga a maiores que veña a sumarse a actual situación de dificultades existente xa en moitas explotacións gandeiras galegas.

Disfruta



POR CALIDAD, POR GARANTÍA,
POR CONFIANZA

A carne de ternera Gallega achégache os nutrientes necesarios para unha alimentación sa e equilibrada. Goza dunha carne única dende a orixe ata que chega a túa mesa.

Ternera Gallega

www.terneragallega.com



A Coordinadora Europea Vía Campesina fronte aos ministros de agricultura da U.E.

Esiximos outro modelo de PAC

A sociedade civil canda ganizacións labregas, rurais, ecoloxistas e de solidariedade internacional, concentráronse o pasado 21 de setembro en Annecy (Francia) co gallo de transmi-

tir aos minsitros/as de Agricultura da U.E. alí reunidos/as as premisas nas que se habería de sustentar unha boa Política Agraria Común (PAC). Na U.E. desaparece unha explotación

agrogandeira cada minuto: para a maioría de labregas e labregos a PAC actual non permite vivir dignamente do traballo. Outra política agrícola e alimentar é indispensable en Europa.

O dereito á alimentación está sendo desprazado polos gobernos ao servizo das grandes multinacionais.

É inaceptábel que neste ano 2008, o ano de maior produción cerealística da historia, mil millóns de persoas non teñan acceso á alimentación, ben sexa por mor da pobreza (que en Europa tampouco se evita), ou pola falla de acceso á produción agrícola.

Para garantir a seguridade alimentar, preservar o planeta e dinamizar o mundo rural, a agricultura debe ser recoñecida polos gobernos como "utilidade pública", sendo o mantemento dos postos de traballo de todas as labregas e labregos de Europa o seu obxectivo.

É necesario producir o máis preto posíbel dos/as consumidores/as, co fin de reducir o transporte e mellorar a calidade dos produtos.

Lembremos que a U.E. Ostenta a posición de primeira importadora e primeira exportadora de produtos agrícolas alimentares: este modelo xa finou. Cómpre revisar o marco internacional imposto polas políticas agrícolas dos anos noventa correspondentes á Organización Mundial do Comercio (OMC).

A U.E. ten que se decatar de que as labregas e labregos queremos producir e vivir do noso traballo.

Para iso cómpre favorecer o acceso ao oficio, acadar prezos dignos polos nosos produtos en troques de apostar polo sistema de primas e o control e protección dos mercados eliminando a venta por embaixo de custes de produción -dumping-.

Debemos darlle prioridade a métodos de produción agrícola máis sostíbeis e autónomos, que economicen insumos e pesticidas. É inaceptábel que a produción animal en base á herba, favorábel á protección do chan, da auga, da biodiversidade e do clima, reciba menos apoio que as gandeirías baseadas en millo e soia.

As labregas e labregos queremos manter a biodiversidade das plantas e animais, e esiximos que se respecte os nosos dereito colectivo a conservar, voltar a sembrar, intercambiar e vender sementes producidas nas nosas explotacións. Este dereito conleva a prohibición total do organismos xenéticamente modificados.



Concentración antes dunha das manifestacións na contra da PÁC realizadas en Madrid.

Producir e consumir

Os e as produtores/as precisan relacións aseguradas, estábeis e equitativas. Cómpre fomentar o cooperativismo, así coma os circuitos curtos de distribución de alimentos, eliminando intermediarios que encarecen o produto aos/as consumidoras e presionan aos produtores/as.

É preciso frear o avance de oligopolios mundiais e nacionais na agroindustria, a grande distribución e a alimentación, avogando por un control eficaz das prácticas e marxes comerciais. O fomento do consumo de produtos locais e dunha alimentación saudábel ten que ser unha prioridade para Europa, dando exemplo coas súas políticas.

A Unión Europea ten tamén que reequilibrar os pagos directos entre agricultores/as, particularmente entre gandeiros/as e produtores de cereais, limitán-

doos por activo e asignando unha prima global ás pequenas explotacións.

Debe apoiar máis aos sectores debilitados, sobor de todo ás producións con forte man de obra, como as froitas e hortalizas, o viño... así coma a produción ovina, abandonada pola PAC actual.

Para acadar a autonomía da UE en proteínas vexetais que alimentan aos nosos animais (importamos un 75% das nosas necesidades!), a PAC habería de reactivar urxentemente o cultivo dos produtos proteicos en Europa.

En Annecy, o SLG canda as outras organizacións pertencentes á Vía Campesina, esixiron perante dos ministros de agricultura europeos a reorientación das políticas agrícolas e os métodos de produción, para deste xeito respostar ás necesidade da poboación e aos retos mundiais deste século.

Sen soberanía alimentar non hai boa PAC

A Unión Europea ten que actuar perante das Nacións Unidas polo recoñecemento do dereito á soberanía alimentar, permitindo que nacións, estados e unións definan a súa política agrícola e alimentar sen influir negativamente en terceiros países.

Para acompañar este dereito é necesario recoñecer que a primeira tarefa da agricultura é abastecer aos mercados domésticos.

Hai que permitir que os estados ou grupos de estados se protexan contra as importacións de produtos agrícolas a un prezo inferior aos custos de produción locais.

Os apoios públicos á agricultura non deben utilizarse para que, directa ou indirectamente, se exporte a baixo prezo desestabilizando

os mercados.

O único xeito de garantir unha estabilidade nos prezos agrícolas mundiais é o control dos mercados.

Á hora do "chequeo médico" da política agrícola europea, a UE debe considerar que ten que priorizar o seu deber de garantir a alimentación da súa poboación, antes de prentender alimentar ao mundo.

Non se trata dun comportamento egoísta, senón ao contrario. Habida conta da súa forza perante doutras zonas do mundo, trátase de permitir que os outros países exerzan o seu dereito á soberanía alimentar e acadar, tanto no norte coma no sur, unha agricultura labrega sostíbel.



A soberanía alimentar foi o tema principal da Marcha Mundial das Mulleres celebrada en Vigo o pasado 18 e 19 de outubro

A Deputación de Lugo devolve o IBI cobrado ós MVMC

Ao día seguinte da denuncia realizada polo SLG, a administración fixo pública a súa rectificación

O pasado mércores oito de outubro, Charo Sánchez Parga -Secretaría de Terra e Montes do SLG-, canda Benxamín Valboa, -Presidente da Comunidade de Montes de Toca (Samos)-Manolo Díaz -Presidente da MVMC de Lamagrande (Láncara)- e Teresa Arrojo -Presidenta da Comunidade de Montes de Vilarello- denunciaron nunha rolda de prensa en Lugo o cobro do Imposto de Bens Inmóveis (IBI) a devanditas comunidades de montes por parte da Deputación Provincial.

Ao cobrar este imposto, a administración luguesa incurriu na vulneración da Lei 13/89 do Parlamento de Galiza, Lei de Montes Veciñais en Man Común, cuxo Art.2 especifica que os montes veciñais en man común non están suxeitos a ningunha contribución de base territorial.

Ademais de facer pública esta situación, o SLG presentou un modelo de alegación a esta acción administrativa.

Este documento atópase a disposición das comunidades de montes s afectadas, e



María Teresa Arrojo -Presidenta da Comunidade de Montes Vilarello-, Charo Sánchez Parga -Secretaría de Medioambiente, Terra e Montes do SLG-, Benxamín Valboa -Presidente da Comunidade de Montes de Toca (Samos)- e Manolo Díaz -Presidente da Comunidade de Montes de Lamagrande (Láncara)-.

pódese atopar no local da túa comarca.

Ao seguinte día de darmos a coñecer a situación dos montes veciñais en man común de Toca, Lamagrande e Vilarello, canda outros tamén afectados, a Deputación de Lugo emitíu un comunicado de prensa no que anunciou "estanse a devolver de xeito inmediato as cantidades que foron ingresadas por este concepto".

Segundo a Deputación Provincial de Lugo, "A conse-

cuencia dun erro de trasvase de datos remitíronse algúns recibos que xa foran dados de baixa de oficio polo Servizo Provincial. (...) No caso de que algún dos afectados xa teña pagado o recibo, a cantidade seralle devolta polo procedemento establecido".

Casos en Pontevedra

Malia que valoramos positivamente a resposta da Deputación, o mesmo día no que ista se fixo pública, o Sindicato Labrego Galego

tivo constancia dun novo caso de cobro do IBI, nesta ocasión efectuado a unha mancomunidade da comarca d'O Morrazo.

Porén, agardamos que tamén a Deputación de Pontevedra solvente coa maior celeridade posíbel este erro na facturación do Imposto de Bens Inmóveis (IBI), actualización que cómpre realicen tódalas deputacións que veñan detectando esta circunstancia.

O Contrato da Castaña non recolle as demandas do sector

A principios de setembro, asinou o Contrato Homologado da Castaña, vendido á opinión pública como unha ferramenta de estabilidade para o sector por parte da Consellería do Medio Rural.

Ao igual que nos posicionamos perante doutros contratos homologados como o do leite ou a pataca, foi o Sindicato Labrego a única organización agraria que non avalou nin asinou o contrato no que:

■ Os prezos que se establecen non cobren a demanda de prezo do sector produtor.

Os calibres máis habituais, 80-100 castañas por kilo, asináronse neste documento cun importe que é a metade do prezo medio cobrado polos produtores/as o ano pasado, sen que mediará ningún contrato.

■ A cantidade establecida como entrega mínima para poder asinar este contrato coa industria é de 20.000kg por produtor/a individual.

Isto significa deixar fóra de contrato á práctica totalidade dos produtores/as de castaña deste país, xa que novamente nos atopamos perante dun contrato para as grandes producións, privando da estabilidade que podería proporcionar este contrato ás explotacións produtoras de castañas da Galicia tendo en conta ca produción de castaña é na maioría dos casos complementaria doutras producións ou ingresos.

■ Este contrato obriga a entregar toda a produción a unha mesma industria, o cal coarta a liberdade de mercado do/a produtor/a, impedíndolle facer contratos con outras empresas, transformar as castañas ou vendelas directamente pola súa conta.

Ademais, témosla que "poñer en muelle" ás industrias, un custo engadido para o produtor/a que non se ve reflectido no prezo establecido neste contrato, xa quenon cobre ni tan sequera a propia produción e colleita da castaña.

Dende o Sindicato Labrego Galego entendemos que este é un contrato deseñado pola industria, á medida da industria e para a industria, feito que xa se nos confirmou no propio proceso de negociación, no que non se admitiu ningunha das propostas presentadas polo sector produtor.

O Contrato Homologado da Castaña é unha nova estratexia para dotar á industria de produción a baixo prezo.

Comunidades de montes de Abadín denuncian talas ilegais na Fragavella

Membros das directivas das Comunidades de Montes de Romariz e Labrada de Abadín, puxeron o dez de outubro e en coñecemento da Garda Civil de Abadín, o feito de que na zona da Fragavella -pertencente ós Montes Comúns de Romariz, Labrada de Abadín,

Estelo e Figueiras de Mondoñedo- estase a talar e levar madeira sen permiso dos comeneiros/as.

Dende o SLG, manifestamos o noso apoio ás reivindicacións dos comeneiros/as ao respecto da propiedade do monte, como xa o fixemos no ano 1996.

Asemade, pedimos á Consellería do Medio Ambiente que cese todo tipo de actuación no Monte Comunal propiedade dos veciños/as.

Os servizos xurídicos do Sindicato Labrego pónense a disposición d@s veciñ@s afectad@s.



De esquerda a dereita, @s representantes das mancomunidades afectadas: Xavier Prieto -Secretario MMVMC A Labrada-, Henar Román (Presenta da MMVMC A Labrada), Daniel López (Presidente de Romariz), Manuel Rivas (Vicepresidente da MMVMC A Labrada).



A problemática da Fragavella remóntase ao ano 1996, cando a veciñanza impediu que a Consellería do Medio Ambiente pechase esta zona, xa que se trata de propiedade veciñal, clasificado como Monte Veciñais en Man Común polo Xurado Provincial de Montes e inscrito no rexistro da propiedade.

Os Contratos Homologados do Viño

Non cobren as necesidades do sector produtor

O dereito a un prezo digno para as nosas producións é una constante na loita dos labregos e labregas que conformamos o Sindicato Labrego Galego.

O sector do viño non é alieo a estas loitas, converténdose nun dos primeiros sectores en reclamar un contrato homologado para as uvas de calidade.

O primeiro contrato para o viño asinou na Denominación de Orixe Rías Baixas, no ano 2003, polo SLG e Adegas Galegas, tiña unha duración de 5 anos e foi re-negociado no 2005 por 10 campañas (até o 2015).

Coa chegada do BNG a Medio Rural, créase a Mesa do Viño coa participación do sector produtor, do elaborador, dos consellos reguladores e da administración.

O Sindicato Labrego pide unha vez mais a normalización de contratos para a compra de uva. Estes deben ser recoñecidos pola Consellaría e publicados no DOGA, ou sexa: homologados, e deben extenderse a todas as denominacións de orixe, e onde se marque prezo en función das calidades.

Esta fixación de prezos e do resto das condicións contractuais (duración, prazos de

pago...) deben de acordarse na primavera, moito antes de saberse como vai ser a colleita.

Recoñecemos o que de positivo ten a existencia dun prezo de referencia e da posibilidade durante varios anos, pero a situación dos contratos homologados para a compra de uva está lonxe do que defendemos para o sector produtor no SLG.

No mellor dos casos (D.O. Rías Baixas) as uvas adquiridas por contrato non superan o 50% do total.

Noutros casos é totalmente testemuñal e no peor dos casos (D.O. Monterrei) non existen contratos.

A continuación facemos un repaso á realidade destes contratos en cada Denominación de Orixe:

RIAS BAIXAS

O contrato foi asinado por 58 adegas con 1.363 viticultores/as e abarcando unha superficie de 1.246'8 Ha. de viñedo.

A duración do contrato en vigor era de tres anos, rematando na actual campaña.

O pago das uvas farase en dous prazos: a metade a data 31 de decembro e o resto a 30 de xuño do seguinte ano.

RIBEIRO

Na campaña 2007 asinaron contrato 8 adegas e 327 produtores/as por un total de aproximadamente 300.000kg. Este ano asinou un novo contrato, que ten unha duración de dúas campañas.

As adegas aboarán o prezo das uvas antes do 30 de xuño do seguinte ano.

RIBEIRA SACRA

Na campaña do 2007 asináronse 228 contratos por un total de 474.000 kg de uva. O contrato ten unha duración de tres anos polo que estará vivente até o ano 2009.


A adega pagará antes do 31 de decembro do ano da vendima un mínimo do 33% da cantidade que teña que pagar. A cantidade restante pagarase antes do 30 de xuño do ano seguinte.

VALDEORRAS

Na campaña 2006 asinaron contrato 10 adegas e 131 produtores/as.

O contrato en vigor foi asinado no 2007 por dúas campañas (2007-2008 e 2008-2009) polo que nesta campaña remata.

Asinaron 8 adegas e da vendima do 2007 validáronse 104 contratos homologados, que suman un total de 47 Ha.



de viñedo, das 1.300 Ha. recoñecidas dentro da Denominación de Orixe.

O pagamento das uvas farase: o 50% do prezo antes do 30 de xuño do ano seguinte á vendima e o 50% restante antes da seguinte vendima.

MONTERREI

Nesta D.O. non se asinou ningún contrato homologado a pesar do grande empeño que puxemos nesta tarefa.

O SLG fixo asembleas cos viticultores/as, e múltiples xuntanzas con adegas, chegando presentar en dúas

ocasións as nosas propostas de prezos por escrito a todo o sector elaborador.

A pesares deste esforzo non conseguimos asinar contratos por non ser capaces de chegar a un acordo de prezo, digno para as uvas de calidade.

O Sindicato Labrego Galego propuxo como prezo mínimo para as uvas de calidade (de 12 grados) de castes autóctonas (Godello, Alvaríño, Mencía e Araúxa) 0'70 €/Kg, mentras a industria pretendía partir de 0'50 €/Kg para as uvas desta graduación.

Os viticultores e viticultoras non queremos seguir financiando ás adegas

O sector produtor sempre leva a peor parte no relativo ao cobro das uvas, control de graduación e fixación de data de vendima.

Salvo honrosas excepcións as empresas están pagando as uvas o mais tarde que poden, incluso tendo asinado un contrato homologado.

Estamos a falar de seis meses a un ano e incluso de mais tempo.

Os problemas de impago na campaña pasada levaron a varios viticultores a romper o contrato homologado en Valdeorras con Valdesil S.L.

Tamén trouxeron problemas a viticultores/as de Rías Baixas, que pediran un

adianto ao IGAPE, con Adegas Galegas, estes viticultores/as tiveron que facerse cargo do custo dos intereses do adianto, mentres a adega estaba a comercializar os viños procedentes das súas uvas.

Os contratos homologados non poden converterse nunha "pose" das empresas elaboradoras para recibir mais axudas, tampouco poden ser unha foto fixa para que a administración venda o seu produto político.

Os contratos homologados deben ser un instrumento xeneralizado e normalizado das relacións de compra/venda de uvas para vinificar, con dereitos e obrigas para ambas partes.

RIAS BAIXAS. Os prezos mínimos para o Kg de uvas de calidade na actual campaña son:

%VOL	11'3	11'4	11'5	11'6	11'7	11'8	11'9	12	12'1	12'2	12'3	12'4	12'5	12'6	12'7	12'8	12'9	13
€/kg	1'076	1'087	1'098	1'108	1'119	1'130	1'141	1'151	1'162	1'195	1'227	1'259	1'291	1'313	1'334	1'356	1'377	1'399

RIBEIRO. Os prezos para as brancas (Treixadura, Alvaríño, Godello, Loureira -a partir dos 10'5 graos- e para as tintas (Sousón, Brancellao, Caiño Tinto e Ferrón) son os seguintes:

%VOL	10	10'5	11	11'5	12	12'5	13
€/kg	0'71	0'91	1'06	1'11	1'16	1'26	1'39

Os prezos para as variedades **Torrontés, Mencía e Tempranillo:**

%VOL	10'05	11	11'5	12	12'5	13
€/kg	0'66	0'81	0'86	0'91	1'01	1'14

Aínda que fora de Contrato o prezo feito público polas adegas para o Xerez é:

%VOL	Menos de 9'5	9'6	10	10'5	11
€/kg	0'30	0'35	0'40	0'45	0'55

RIBEIRA SACRA. Os prezos mínimos para o Kg. de uvas da variedade **Mencía** na actual campaña son:

Graos Baumé en mosto	11'5	12	12'5	13	13'5
€/kg	0'96	1'07	1'18	1'29	1'39

VALDEORRAS.Prezos mínimos por Kg. de uva na actual campaña para as cases autóctonas **Mencía e Godello:**

Graos Baumé en mosto	12	12'5	13	13'5
€/kg	0'76	0'86	0'98	1'08

Prezos mínimos 2008. En todos os casos son sen IVE.



Uxío Rey -Colexio de Veterinarios de A Coruña- e Carme Freire -Secretaría Xeral SLG-

Xornada reivindicativa do produto caseiro fresco e transformado

O produto caseiro é o feito por nós nas nosas casas, a regulación haberá de estar feita á nosa medida

Esta xornada reivindicativa foi organizada polo SLG en colaboración co Colexio Oficial de Veterinarios da Coruña e a Fundación Acivega. Nas conferencias a Secretaría Xeral do SLG, Carme Freire, e o presidente colexial dos veterinarios da Coruña,

Uxío Rey, analizaron a situación do produto caseiro en Galiza, mentres que o doutor veterinario Ugo Boldi e Deborah Infante, representante do Sindicato Veterinario de Saúde Pública francés, expuxeron o estado do sector en Italia e Francia, respectivamente.

O SLG destacou a necesidade de evitar que as grandes e medianas empresas se apropien da nomenclatura "produto caseiro" que é lexítimo só para os elaborados coas materias primas producidas nas explotacións e levados directamente ao consumidor/a.

Hoxe, máis ca nunca, cando o neoliberalismo pretende controlar e uniformizar as culturas alimentarias en todo o mundo, e someter á cidadanía produtora e consumidora aos seus intereses exclusivos; cando os gobernos inclinan máis e máis a balanza para favorecer este control, é necesario que a cidadanía defendamos os produtos caseiros como un patrimonio do pobo galego.

Labregos e labregas esiximos que o Decreto de Artesanía Alimentaria de Galiza que elabora Medio Rural teña en conta as dimensións familiares das explotacións galegas ao fixar as condicións hixiénico-sanitarias que deben cumprir, xa que coas directrices que se están a barallar só as empresas terán posibilidades de continuar no mercado.

Desta xornada tiramos a conclusión de que é posíbel establecer excepcións ao paquete hixiénico-sanitario, posibilitando a elaboración do produto caseiro, posto que nos distintos Estados da U.E. estase facendo.

Acadalo depende da vontade política posto que cada Estado ou rexión (no caso de Italia) fai o posíbel por defender os seus produtos tradicionais ou caseiros.

Nós non queremos outro selo ou marca para poñerlle aos nosos produtos, o que queremos é producir de forma legal e que os requisitos sanitarios se adapten á nosa realidade. Se os requisitos son os mesmos que para as empresas, a produción caseira desaparecerá porque non están pensados para os produtos que vendemos nas nosas explotacións.



Tamén tivo lugar un mercado de produtos caseiros (tartas, ovos, legumes, empanadas, pan, marmeladas...) na praza de Europa, sita en Área Central, en Santiago de Compostela. O produto caseiro é o feito por nós e nas nosas casas, non podemos permitir que as empresas se apropien do prestixio acadado grazas ao noso saber facer mantido ao longo dos anos.

O CRAEGA comeza a preparar a regulación da venda directa das explotacións hortofrutícolas

A vocal do Sindicato Labrego Galego polo sector vexetal, Charo Sánchez reivindicou no pleno do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica da Galiza (CRAEGA) unha demanda histórica do SLG: a regulación da venda directa polas explotacións inscritas no rexistro do sector vexetal de dito consello regulador.

Xa houbera un intento de regulación da venda directa do produto caseiro alá polo ano 2003 que foi rexeitado polo SLG por non ter en conta as alegacións presentadas no seu día pola vogal, co que as normas propostas eran practicamente imposíbeis de cumprir polas explotacións, xa que

non estaban elaboradas dende a visión das mesmas.

Hoxe, a raíz da actualización do Regulamento do Consello Regulador e o Manual de Calidade do mesmo, e a proposta do SLG no pleno, a comisión do sector vexetal comezou a traballar de cara a regular a venda directa das explotacións inscritas no Consello Regulador.

Na primeira xuntanza da comisión vexetal déronse a coñecer as propostas que, como cabía esperar, foron na totalidade presentadas polo SLG, nun documento base que recolle as propostas debatidas polo sector, chegando xa a marcar as pautas básicas da regulación da mesma.

Unha das propostas foi a de definir que é o que se entende por venda directa e onde se pode facer.

Aceptouse a nosa proposta da definición para a venda directa: a que pode realizarse na propia explotación, mercados locais e feiras, eventos relacionados coa AE e, como aposta forte nosa, a venda ás asociacións de consumidores/es, reforzando así canles curtas de comercialización que ata o día de hoxe non se recoñecían.

Tamén a demanda do SLG, aprobouse nesta Primeira Comisión Vexetal que o custe do cartaz identificativo do punto de venda sexa gratuíto para as explotacións.

Outra liña proposta foi que o produto posto á venda sexa maioritariamente producido na propia explotación e que sexa produto galego, de cara a diferenciar a venda directa das labregas do que serían as comercializadoras.

Finalmente quedou recollido que as explotacións que realicen venda directa poden, no cómputo trimestral da declaración de vendas, ter unha porcentaxe do 25% do total das vendas, que pode provir de produtos doutras explotacións que teñen obrigatoriamente que estar inscritas no rexistro de sector vexetal do CRAEGA, quedando deste xeito protexida a entrada de produto foráneo fronte ó do

país, e permitindo o mantemento da oferta ás explotacións ao longo de todo o ano.

Queda camiño por percorrer, mais valoramos positivamente a disposición neste caso do comité técnico do consello regulador ás propostas presentadas polo SLG, a única organización que levou propostas reais de cara a regularizar a situación de moitas explotacións que facemos venda directa, e de que se recoñeza o papel dinámico e económico que temos e que até o de agora non era visíbel.

A nosa intención é presentar a proposta no próximo pleno do CRAEGA para poder poñelo en marcha este ano.

120 Mulleres analizamos en Nafarroa o noso papel como sindicalistas agrarias

XVII Encontro Estatal de Agricultoras e Gandeiras

Co título “Sindicalismo agrario con nome de muller: unha oportunidade”, nesta ocasión o encontro anual de mulleres da COAG, coa que o SLG ten un acordo bilateral, focalizou o debate no papel sindical das mulleres.

Carme Freire, Secretaria Xeral do SLG, presentou a ponencia “Construcción de liderazgos femininos nas organizacións”, destacando que éstes non deben ser individuais, senón colectivos, para mudar en profundidade a sociedade.



A foto de familia foi tomada no exterior do Pazo de Bertiz (Bertizarana-Navarra), onde tiveron lugar as conferencias.

A agricultura e a gandeiría desempeñan un papel fundamental na sociedade.

A produción de alimentos, a vida, acadada nestes tempos unha trascendencia decisiva perante das modificacións que as grandes multinacionais están a aplicar á produción alimentar.

As mulleres, capacitadas para alimentar ás nosas fillas e fillos co noso

propio corpo, custodiamos dende o principio dos tempos a responsabilidade de proporcionar alimentos de calidade á nosa xente.

Malia todo, inda temos que apandar a miúdo coa identificación de “a filla de” ou “a muller de”, pese a sermos no meirande dos casos a espiña dorsal das nosas explotacións e familias.

O encontro anual de mulleres da COAG non só nos aporta a posibilidade de intercambiar as nosas experiencias con outras mulleres rurais, é tamén unha ferramenta para denunciar a invisibilidade na que inda se nos pretende ter sumidas, mesmo a nivel legal, como ten denunciado reiteradamente o SLG ao respecto da titularidade compartida.

Feira pola Soberanía Alimentaria da Marcha Mundial das Mulleres



O 18 e 19 de outubro, na Praza da Estrela na cidade de Vigo, tivo lugar unha Feira de Soberanía Alimentaria, organizada pola Marcha Mundial das Mulleres.

Este espazo, de exposición, venda e debate, recolleu actividades que exemplificaron os principios nos que se basea o dereito á soberanía alimentaria dos pobos.

A Secretaría das Mulleres, integrante da Marcha Mundial das Mulleres, participou activamente nesta feira que reivindicou cuestións tan fundamentais para nós como o dereito das comunidades a decidir, producir e comer os nosos alimentos; distribuíndoos en mercados domésticos e locais.

A loita por prezos xustos e o recoñecemento do papel das mulleres na produción de alimentos; así como o control por parte das comunidades dos recursos produtivos (terra, auga...) e o control social das sementes estiveron tamén presentes na feira, na que a presenza de produtos dos labregos e labregas galegas foi fundamental.

O SLG tamén estivo presente nas charlas organizadas, nas que interviron Carme Freire, Lidia Senra, Ana Rodríguez e Charo Sánchez.

Canda mulleres doutros países compartimos unha mesma inquedanza, poñendo en común experiencias que nos axudarán a facer realidade o dereito a alimentar á nosa xente cos nosos produtos.

Calendario de cursos informáticos e charlas sobor da Lei de Dependencia

Coa vontade de crear un espazo de reflexión e intercambio, Solidaridad Intergeneracional, en colaboración co Sindicato Labrego Galego está organizando unha serie de actividades para as persoas maiores do mundo rural.

A súa finalidade é dobre: achegarse á experiencia e á sabedoría

das persoas maiores e facilitar información sobre aspectos de interese para dito colectivo.

As xornadas, que combinan obradoiros de traballo e exposicións informativas, están dirixidas a persoas maiores, familiares e a todas aquelas persoas interesadas en participar.

CHARLAS SOBRE A LEI DE DEPENDENCIA

LUGO	A CORUÑA	PONTEVEDRA	Pendientes de data
-13/10/2008 San Xoan de Alba (Vilalba) Centro social 16:00 h.	-20/10/2008 A Capela Cooperativa do Campo de A Capela 16:00h.	-17/11/2008 GONDOMAR Salón de Actos do Centro Neural. 17:00h	SAN SADURNIÑO
-16/10/2008 Friol Centro Social 16:00 h.	-11/11/2008 Irixoa Centro Sociocultural Ambroa 16:30h	-02/12/2008 O ROSAL. Centro Social de O Rosal 16:00 h.	ORDES
-21/10/2008 San Cosme de Nete (Vilalba) Centro Social 16:00 h.	-20/11/2008 Vilarmaior Casa do Concello 16:00h.		TEIXEIRO
-22/10/2008 Ínsua (Vilalba) Escola de Ínsua 16:00 h.			CARBALLEDO
-05/11/2008 Meira. Casa da Cultura 16:00h			TOMIÑO

INICIACIÓN AO MANEXO DE ORDENADORES

LUGO	A CORUÑA	PONTEVEDRA	Pendientes de data
-23/10/2008 Friol Aula de Informática do Concello 16:00h	-13/11/2008 Irixoa Aula de Informática do Concello 16:30 h.	-18/11/2008 GONDOMAR Centro de Desenvolvemento Local 17:00 h.	ORDES, TEIXEIRO, ARBO, GONDOMAR, TOMIÑO, CHANTADA, ROIS, CABANAS.
-29/10/2008 Vilalba. Biblioteca Municipal 09:00 h.	-19/11/2008 Monfero Aula de Informática do Concello 16:00 h.	-04/12/2008 O Rosal Centro Social 16:00 h.	
-12/11/2008 Meira Telecentro de O Piñeiro 16:00 h.	-21/11/2008 Vilarmaior Aula de Informática do Concello 16:00 h.		

INFORMACIÓN SOBRE AS NOVIDADES EN MATERIA DE SEGURIDADE SOCIAL

Dende o 1 de xaneiro de 2008 todas/os as/os traballadoras/es por conta propia incluídos no Réxime Especial Agrario quedaron incorporados ao Réxime Especial das/os Traballadoras/es por Conta Propia ou Autónomos.

O pasado 10 de setembro publicouse no BOE a norma que desenvolve tanto o Réxime de Autónomos como o Sistema Especial para Traballadoras/es por Conta Propia Agrarias/os.

As principais novidades en materia de seguridade social son as seguintes:

1. As/Os traballadoras/es que a 1 de xaneiro quedaron incluídos no SETA poderán optar por acollerse voluntariamente á cobertura da prestación económica por incapacidade temporal derivada de continxencias comúns e da totalidade das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais ata o 30 de outubro con efectos dende o día primeiro do mes seguinte.

2. Aquelas persoas que desexen realizar tanto a opción como a renuncia á protección da inca-

pacidade temporal deberán presentar a solicitude antes do 1 de outubro de cada ano con efectos dende o 1 de xaneiro do ano seguinte.

3. A cobertura de accidentes de traballo ten carácter voluntario, a formalización desta cobertura poderá realizarse antes do 1 de outubro de cada ano con efectos dende o 1 de xaneiro do ano seguinte, a renuncia solicitarase por escrito no mesmo prazo.

4. Nos supostos en que con posterioridade a inclusión inicial no SETA se comprobe que se deixaron de reunir os requisitos para estar comprendido en el os efectos de exclusión de oficio que practique a Tesourería Xeral da Seguridade Social producíranse dende o 1 de xaneiro do ano seguinte a aquel en que se deixaran de cumprir os requisitos.

5. A pensión de xubilación empezará a recibirse a partir o 1 do mes seguinte a que se cumplan os 65 anos.

Para máis información pasade polos locais do SLG.

AXUDAS PARA PALIAR OS DANOS PRODUCIDOS POLO XABARIL

A Orde que regula as axudas a favor dos afectad@s polos danos causados nos cultivos agrícolas polo xabaril cubre os danos producidos dende o 1 de outubro de 2007 ata o 30 de setembro de 2008.

Os danos producidos desde o 1 de outubro de 2008 ata a entrada en vigor da orde do próximo ano serán comunicados mediante unha chamada ao teléfono 900 186 186, as solicitudes de axuda referentes a estes danos presentaranse unha vez se publique a Orde polas que se establecen as bases reguladoras para paliar os danos producidos polo xabaril para o ano 2009.

INFORMACIÓN SOBRE MASAS COMÚNS UTILIZADAS EN PRECARIO

Dende o 1 de Xuño de 2007 as masas comúns pasaron a ser titularidade do Banco de Terras da Galiza como consecuencia deste feito todas aquelas persoas que teñan interese en arrendar estas fincas poden presentar as solicitudes de arrendamento ante o BANTEGAL.

Todas aquelas persoas que estean utilizando en precario masas comúns e queiran seguir conservando o disfrute da finca deben comunicar ó BANTEGAL a posesión da finca e formalizar o contrato de arrendamento da mesma, no caso de non suscribir o contrato poden verse privados do uso da terra se outra persoa solicita o arrendamento da masa común.

A sociedade pública Bantegal goza dun dereito de adquisición preferente ante calquera transmisión a título oneroso ou negocio xurídico gratuito inter vivos de predios rústicos situados nas zonas de especial interese agrario.

Os titulares desta clase de predios deberánlle notificar á sociedade Bantegal a decisión da transmitiren os predios.

A sociedade Bantegal poderá exercer o dereito de tanteo durante o prazo de trinta días hábiles a partir do seguinte ao da recepción da notificación.

Para obter máis información poden pasar polos locais do SLG.

Seminario en Ribadeo o 4 e 5 de novembro: "O sector leiteiro no horizonte do 2015"

Martes 4 de novembro
11,00 H.- Chegada

11,45 H.- Apertura do Seminario

12,00 H.- Situación das produtoras e dos produtores de leite. Prezos. Relatores e relatoras: de Francia, Alemaña, Portugal, Estado Español e Galiza.

14,00 H.- Xantar

15,30H.- Contratos e Interprofesionais.. Relatorios para introducir a situación en diferentes estados.

17,00 H.- A política leiteira en Europa no horizonte do 2015. Propostas da Comisión Debate informativo.

20,00 H.- Fin da xornada

Mércores 5 de novembro
10,00 H.- Grupos de traballo para debater sobre as exposicións feitas no día anterior e elaboración de conclusións.

14,00 H.- Xantar.

15,30 H.- Posta en común dos grupos de traballo e aprobación das conclusións.

17,30 H.- Fin do seminario.

Para participar, apúntate no local do Sindicato da túa comarca. Contamos contigo.

Xornadas estatais de vacún de carne en Lugo o 7 de novembro

11:30 - Chegada

12:00 - Situación de mercados
Exposición da situación de producións, consumos, etc.

13:00 - Situación de mercados
Debate sobre situación de prezos, comercialización, etc.
Experiencia de venta directa da cooperativa San Cidre.

14:00 - Comida

15:30 - Sanidade animal
Língua azul e incidencia no sector. Certificado veterinario. Situación.

17:00 - Protocolo de conxuntos e garantías de calidade nas IXP

18:00 - Conclusións

18:45 - Clausura

Para participar, apúntate no local do Sindicato da túa comarca. Contamos contigo.

AVISO

O SINDICATO LABREGO GALEGO CAMBIA DE LOCAL EN RIBADEO.

Nos próximos días, as oficinas do Sindicato Labrego Galego de Ribadeo trasladarán-se ao enderezo seguinte:

Avenida Leopoldo Calvo Sotelo, número 3, portal 1, 1ºE. 27700.



Compra - Venda - Troco

VENDAS

Becerras de 2, 3 e 4 meses para recría. Concello de O Covelo (Pontevedra).

TLF: 986-668820; 626442294

Oito ovellas e un carneiro de raza merina. Todo saneado.

TLF. 982 144 112 (Primo).

Véndese ou alúgase explotación de algo máis de 10,000m², cercada con muros de fábrica, luz, manantial propio, 2 silos para penso, 3naves, oficinas, etc.con S.L.

A 3km de Boiro. Prezo de venda 135.000€, prezo de aluguer a convir.

TLF. 626 010 679 (Alfonso)

Cargador con rotativa marca MORRA.

TLF. 636 650 908

Véndense 2.000 m2 de invertidoiro e unha empacadora de paquetes pequenos con cinta cargadora de pacas.

TLF. 679 208 672

Empacadora BATLLE 152 Tanque de frío ALFA-LAVAL, de 330 litros de capacidade.

TLF. 982 169 197 (Moisés)

Máquina de esquivar profesional, marca GILVI, semínova.

TLF. 686 784 178

Véndese trigo e pacas de palla.

TLF. 663 470 286

Rolos e pacas de herba seca.

TLF. 982 526 886

Circuito e Tanque de leite de 420l.

TLF: 981 89 27 06

18 Bolos de herba seca

TLF. 981 79 86 81

-Rotativa 1,70

-Circuito de 6 puntos con pul-sadores electrónicos.

-Tanque de Frío ALFA-LAVAL, de 750 litros.

TLF. 696 642 722

Becerra frisona de un mes. Boa xenética.

TLF. 675 412 618

Autocargador POTIGER Vos1 de 25 metros³ 1S. 9000€ negociábeis.

TLF. 617 999 320 (Manuel)

Pinat tipo ENCINE.

TLF. 670 895 789

Circuito de tanque de leite 420l.

TLF. 981 892 706

-Hilerador de herba de correas completamente novo.

-Autocargador marca TATTO galbanizado con 7 cuchillas

Tif. 981 78 82 10

-Tanque de leite ALFA LAVAL 520L.

-Motosegadora BERTILLINI

TLF.. 620 138 279

Finca en zona urbana. Pradería de 5 ferrados e medio no concello de VILARMAIOR na zona de VILAMATEO.

TLF: 981 78 81 69

Autocargador GALARI.

TLF. 982 160 657 (noites) e 647 172 807

Coche "sen carnet", practicamente novo, por enfermidade.

TLF: 653 204 315

Tractor SAME modelo EXPLORER II 90cv. Bo prezo.

TLF. 638 045 317

Leña de carballo.

Tif: 686 304 118

(Xosé Manuel)

Sala de Ordeño marca Manus de 5 puntos en espiña de pescad. Véndese Silo para pienso de 5000kg.

TLF: 982 164 225 / 649 310 981

Rastrillo marca VALLE e sulfadora marca JABARA

TLF. 982 150 121 (Suso)

Citroen ZX 1.9 diesel do ano 95, en moi bo estado.

TLF: 986 580 990 / 678 079 473

-Carro mezclador, TATOMA vertical 12m, en perfecto estado.

-Tanque de leite de 2.080 litros, con lavado automático.

Por peche de explotación.

TLF. 699 639 566

-Tanque do frío de 650 L - Mollo para ensilar, 7 Ha Finca en transición a ecolóxico na zona de Melide.

TLF: 639 512 823

Egua de pura raza española. Bo prezo.

TLF. 636 096 079

-Tanque de frío de 520 l, marca PORTINOX

-Bomba de 6 puntos, marca SAT.

TLF.981 856 110

Cochá reproductora e semental.

TLF: 618 947 926.

-Por abandono de mollo. Ensiladora de mollo marca POTINGER de un rego, con machacadora de grao e afiado automático, último modelo. Unha campaña. Como nova. Prezo: 3500€

TLF.: 606 616 139

Véndese herba seca ben recollida.

TLF.: 981 198 715

Tractor Lamborghini. 80 CV.

Bo prezo.

TLF. 639 484 413

Touro Lemousine moi dócil.

TLF: 615 414 106

Herba seca.

TLF.: 649 615 280 (José Ángel)

Touro de tres anos marcado de Acruga.

Tif.:619 937 274

Monovolume 7 plazas. Hunday SVX H1 2500cc turbo-diesel, dirección asistida, 94800 Km 8 anos. Metalizado. Moi bo estado.

TLF.: 699 334 378

Trigo do País

TLF.: 696 66 00 23

(Xosé Manuel)

Colmeas

TLF.: 690 621 870 (Isabel)

Excavadora articulada de 105 CV mixta e con enganche rápido diante e atrás. Bo estado.

TLF.: 981 199 048 (Chamar ao mediodía ou pola noite)

Fanse traballos en pozos artesianos (limpezas, afondar, emparedar...)

Presuposto sen compromiso.

TLF.: 662 084 529

-Rolos de herba seca. Provincia de Lugo.

TLF.: 655 454 367

-Tractor "Case" de 130 cabalos modelo "siso"

-Remolque esterco

-Cargador rotativo "Basso"

-Tractor Masey 178 con pala e bomba hidráulica adicional.

TLF. 676 600 399

-Touro Lemousine moi manso

TLF's: 986 586 622 /615 414 106

- Vacas de carne por abandono.

- Opel Astra 1700-turbo-diesel; 11 anos e en bo estado, con enganche para remolque. Zona de Arzua.

TLF: 626 315 059

Empacadora MASSEY-FERGUSON 122 con levantamento hidráulico de 1.80m

TLF. 986 58 40 70

- Autocargador segador rotativo BONNINO AB45.

- Rotativa MEYER de 1.85m de corte.

Ambos en bon estado de uso.

TLF.: 661 332 991 / 982 345 011

Rebaño de vacas cachenas.

TLF.: 605 897 352 (Jesús)

Batidor de purín e un potro mecánico.

TLF.: 982 150 121 (Suso)

OFERTA E DEMANDA

EMPREGO

Búscase traballador/a para explotación agraria.

Zona entre Alto Xestoso e Xermade.

TLF: 627 950 681.

-Búscase traballadora ou traballador para explotación de leite en Vila de Santalla (Curtis). Boas condicións económicas.

TLF: 653 781 267

-Ofrécese peon para traballos agrarios e forestais.

- Fanse traballos de plantacións, podas, desbroces de fincas e montes.

TLF.: 686 753 105.

Fanse traballos de xardinería, desbroce de montes, limpeza de fincas de cultivo.

TLF: 981 52 09 00

Ofrécese traballador para explotación.

TLF: 629973867

-Búscase traballadora ou traballador para explotación de leite en Vila de Santalla (Curtis).

Boas condicións económicas.

TLF: 653 781 267

Búscase traballador/a agrícola para traballo de viña, diversas facetas.

TLF: 677436970 (José Luis)

Procúrase parella para traballar en explotación en Rois. Contrato indefinida.

TLF: 649 541 898 (Rafael)

OUTROS

Intercámbianse libros de lectura.

TLF. 986 58 40 70

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada ou no correo electrónico prensa@sindicatolabrego.com. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quíntanse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

Novo Programa LEADER de Galiza 2007- 2013

Construíndo un Novo RURAL

O novo Programa Leader de Galiza 2007-2013 é unha oportunidade para que a poboación galega elabore a estratexia do futuro que quere para o seu territorio e decida o mellor destino dos fondos públicos, para o que cómpren os seguintes pasos:

- 1_ Formar os Grupos de Desenvolvemento Rural, integrados por todas as entidades, tanto públicas como privadas, que desexen implicarse no desenvolvemento da súa zona.
- 2_ Plantexar as principais posibilidades, oportunidades e necesidades de cada territorio nos ámbitos agroforestal, medioambiental, de diversificación económica e de mellora da calidade de vida.
- 3_ Presentarse á convocatoria do Programa Leader que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) ten aberta ata o próximo 16 de setembro.



Máis información: <http://agader.xunta.es>

